

NOTA DE PRENSA

Os estudantes de segundo de bacharelato de toda Galicia xa poden facer as inscricións para participar na Olimpíada Galega de Bioloxía

Celebrarase o 14 de xaneiro de 2011 na Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2010 (Vía Láctea Comunicación).- Por sexto ano consecutivo celébrase a Olimpíada Galega de Bioloxía, que terá lugar o vindeiro mes de xaneiro (día 14) na Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago. Este certame diríxese aos estudantes de segundo curso de bacharelato e na súa organización colaboran o **Colexio Oficial de Biólogos de Galicia -COBGA-**, as tres universidades galegas e a Xunta de Galicia.

Os alumnos interesados en participar deberán solicitalo por escrito. Para iso terán que cubrir un boletín de inscrición que poden atopar na páxina web www.olimpiadadebiologia.edu.es. O prazo está aberto dende o 15 de outubro e remata o vindeiro 15 de novembro.

A organización do certame establece un número máximo de catro estudantes por centro educativo, ademais doutros catro suplentes por se algún dos seleccionados non se puidera presentar. Os alumnos elixíranse en base ás cualificacións obtidas en Bioloxía e Xeoloxía no primeiro curso de bacharelato. Co fin de que poidan participar o maior número de centros posible, escollerase o estudante mellor cualificado de cada centro e, os restantes, ata que se completen as prazas. Os seleccionados daranse a coñecer a partir do 5 de decembro.

Os gañadores representarán a Galicia na Olimpíada Nacional, que se celebrará en Granada en abril de 2011

Os tres gañadores da fase galega representarán á comunidade autónoma na fase nacional, que este ano se celebrará en Granada en abril do vindeiro ano. Ademais, cada unha das tres universidades galegas concederán unha axuda de 300 euros aos gañadores por matriculárense en calquera das súas facultades.

O coordinador da fase galega, o biólogo **Pedro Nozal Cantarero**, sinala que “esta competición ten como finalidade incentivar aos estudantes con talento a obter mellores resultados académicos, ademais de promocionar a carreira de Bioloxía e de espertar nos rapaces o interese pola investigación”.

PRENSA Colexio Oficial de Biólogos de Galicia – COBGA

981 554 407 / 639 768 929 ... www.vialactea.es